

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILIGÜE CHANO PIÑEIRO
CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
DEPARTAMENTO: TITORÍA
DATA: 13-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020

PÁXINA 0 DE 7

CENTRO CEIP CHANO PIÑEIRO:
CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA CASTELA E LITERATURA

ÍNDICE

1. Mínimos de promoción de área.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
4. Información e publicidade.

1. MÍNIMOS DE PROMOCIÓN DE ÁREA. LCL 3º PRIMARIA

CÓDIGO	Estándar de aprendizaxe
B1.5	LCB1.5.1 Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....
B2.2	LCB2.2.1 Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.
B3.1	LCB3.1.1 Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....
B3.3	LCB 3.3 Aplicar, con axuda , todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.
B3.7	LCB3.7.1 Produce textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.
B4.1	LCB 4.1.4 Utiliza as normas ortográficas básicas.
B3.4	LCB4.3.4 Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.
B4.3	LCB4.3.5 Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.

2. AVALIAICÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	<p>PROCEDEMENTOS:</p> <ul style="list-style-type: none">-Videochamadas entre alumnado.-Tarefas do alumnado que serán enviadas ao correo electrónico. <p>INSTRUMENTOS:</p> <ul style="list-style-type: none">-Aplicación Webex-Blogue onde están colgadas as actividades semanais.-Abalar.-Correo electrónico.
Cualificación final	<p>No cálculo da cualificación final que se establecerá na avaliación ordinaria de cada área, teremos en conta a media aritmética dos dous primeiros trimestres e o traballo desenvolvido polo alumnado neste 3º trimestre referido aos criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos dous primeiros trimestres do curso, reflectidos neste documento de adaptación e que, no caso destes últimos, solo poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p>Cálculo da nota ordinaria:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuíla.2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas

avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación.

3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgũa das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e non participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.

4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telemáticamente ou impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva. O mestre ou mestra da área recollerá evidencias de ter informado a familia da situación.

5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020 - 2021, o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas. Tamén debe quedar reflectido nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinaria, cumprimentando este apartado en Xade.

Será o equipo docente, na sesión de avaliación do grupo, o que decidirá a promoción do alumnado tendo en conta o nivel acadado nos criterios de promoción de nivel dados e as competencias clave, non dependendo da cantidade de áreas suspensas.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>-As actividades que teñen que realizar durante a semana están colgadas no Blogue RECUNCHO DO CHANO. Estas actividades están organizadas por materias: GALEGO-CASTELÁN-MATEMÁTICAS-CIENCIAS.</p> <p>Este blogue contén actividades moi variopintas: interactivas, para realizalas con papel e bolígrafo, actividades de retos, xogos didácticos...</p> <p>-Aplicación Webex para realizar videochamadas entre o alumnado: resolución de dúbidas e realización de pequenas tarefas de repaso e/ou reforzo.</p> <p>-Aplicación Snappet.</p> <p>-Outras webs ou aplicacións: liveworksheet, genially...</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado realizará as actividades que están incluídas no Blogue. Estas tarefas serán enviadas a un correo electrónico asignado a tal efecto, para proceder á súa corrección.</p> <p>Os traballos serán enviados de novo ao alumnado coas correccións e explicacións pertinentes.</p> <p>Se percibimos que un alumno/a presenta dificultades nunha determinada materia ou contido, axudarémolo a través de videochamadas, chamadas telefónicas, Abalar correo electrónico ou aplicacións de mensaxería instantánea segundo o caso; sempre fomentando unha adecuada coordinación coas familias.</p> <p>Para o alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, contarán tamén coa ferramenta Snappet, para ampliar os contidos traballados.</p> <p>Os titores de 3º somos moi conscientes da necesidade de continuar co proceso de escritura a través do caderno ou folio. Consideramos que a velocidade e o manexo do útil (lapis ou bolígrafo), así como a</p>

	<p>organización e a orde no caderno non foron aínda completados totalmente. Por esta razón, queremos que se dediquen a tal labor durante o confinamento, intentando non sobrepasar o límite racional.</p> <p>Con respecto ao alumnado que carece de conectividade, seleccionamos aquelas actividades que poidan realizalas en papel. Semanalmente, reciben fichas impresas a domicilio.</p> <p>A canle de comunicación que empregamos cos fillos/as destas familias son as chamadas telefónicas e videochamadas e mantense comunicación coas familias a través de abalar, aplicacións de mensaxería instantánea e chamadas telefónicas. Intentamos estar sempre en contacto.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Blog <i>Recuncho do Chano</i> -Abalar. -Webex para as videochamadas. -Teléfono -Aplicacións de mensaxería instantánea. -Snappet. -Correo electrónico. -Caderno e útiles de escritura. -Ordenador. -Fichas impresas -Escáner

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias	A través de ABALAR, teléfono, videochamadas aplicacións de mensaxería instantánea e o blogue.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro. Informaremos ás familias por Abalar Móbil. Aqueles que non dispoñan de Abalar Móbil enviaráselle unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se poden dirixir para atopar a documentación.